



Informe comparativo da parasitación *Anaphes nitens* Huber - *Gonipterus platensis* (2019-2020)

A reprodución e difusión controlada de *Anaphes nitens* Huber é unha das accións principais do Plan Estratéxico de Loita Integrada contra o *Gonipterus platensis* Marelli, desenvolvida pola A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

O uso dun parasito (*Anaphes nitens* Huber) específico e natural das postas do defoliador do eucalipto (*Gonipterus platensis* Marelli), preséntase dentro do programa de control integrado como una alternativa eficaz e respectuosa co medio ambiente. (Loita biolóxica)

Este método non persigue a extinción total do escaravello, senón a redución da súa poboación, ata alcanzar uns niveis onde os danos que ocasionen á plantación sexan asumibles dende o punto de vista económico.

En cada mostraxe(apeo) procédese a toma de datos da bioloxía do defoliador e dos danos causados en 10 pes diferentes de cada parcela.

Por cada árbore e visita indícase, a especie de eucalipto, o grao de defoliación da árbore, en observación e os danos producidos polo goníptero no terzo superior da árbore, valorados en porcentaxe de afección.

En cada árbore selecciónanse dous ramillos terminais representativos da copa e anótase de cada un: grao de defoliación, grao de brote, estado do brote, número de adultos xuvenís, número de adultos maduros, número de larvas de cada estadio, número de ootecas e tamaño e estado das mesmas.

Seguidamente, de cada árbore recóllense mostras de ootecas (conxunto ovos do defoliador), para facer o posterior envío á Estación Fitopatolóxica do Areeiro (EFA) , para realizar a análise da parasitación por *Anaphes nitens*, das mesmas. A EFA realiza as análises correspondentes e os resultados preséntanse a continuación, nunha comparativa dos anos 2019 e 2020.

% total de ootecas parasitadas: refírese á porcentaxe de presenza de *Anaphes nitens* viables nas ootecas enviadas.

O grao de parasitismo: refírese ó número de *Anaphes nitens* viables / ootecas.

AP: mostraxe semanal das parcelas da rede de Inventario

Tras analizar os datos de parasitación, obtidos da análise do laboratorio dos anos 2019 e 2020 representamos gráficamente as evolucións:



